

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO**

**ACTA** da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de novembro de 2021**

Ás 17.01 horas do día 18 de novembro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, no salón de Plenos da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidenta:** D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández Pérez

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Deputado non adscrito:** D. José Miguel Caride Domínguez

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO-SETEMBRO DE 2021.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de outubro de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 21 de outubro de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.**

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista,** dá lectura ao texto íntegro da moción.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita,** destaca que é un tema importante sobre o que todos debemos reflexionar xuntos e poucas veces debe dar lugar a debate, pero ás veces hai cuestións con diversas perspectivas. Fai unha reserva de voto para o día do pleno para estudar máis profundamente a moción proposta polo Partido Socialista.

**D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito,** indica que vota a favor da moción. Profundará máis no Pleno, pero calquera iniciativa en contra da violencia de xénero ten o seu apoio, xa que defende a unha parte moi importante da sociedade.

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** entende que son opinións maioritariamente contrastadas na sociedade na que vivimos, aínda que pode haber posicións políticas que non concordan coa loita contra a violencia de xénero, cousa que di que é reprochable. Indica que desexa facer un engadido ao punto quinto, solicitando unha maior dotación económica. Un concello con 6.400 habitantes percibe uns 800 euros, cantidade moi insuficiente, e os concellos con menos habitantes, aínda menos. No punto sétimo xa acordado nos pactos de investidura e que o PSOE incumpriu, que é materializar o novo xulgado exclusivo de violencia de xénero. Actualmente na provincia de Ourense o xulgado número 3 é compartido. O datos nos din que é o xulgado máis saturado de toda Galicia que se dedica a este tema. É algo de xustiza xa que foi referendado polo Partido Socialista nas cortes do Estado. Entende que é algo que debería materializarse en 2022.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana,** indica que reserva para o Pleno a súa posición e análise desta cuestión importante.

**A presidenta da comisión** fai reserva de voto para o Pleno. Comparten moitas das cuestións que se expresan nesta moción.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e do deputado non adscrito, e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Ratificar o compromiso da Deputación Provincial de Ourense cos dereitos das mulleres; coa erradicación de calquera tipo de violencia machista; e para combater e condenar calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a impulsar medidas contidas na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra violencia de xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, no marco das súas competencias.

3º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a impulsar, no marco das súas competencias, que as políticas públicas en materia de servizos sociais, promoción da sanidade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.

4º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

5º.- Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nas Cortes Xerais, para buscar o maior consenso político e social e á mellora da coordinación institucional co fin de garantir que os fondos do pacto se implementen da maneira máis óptima.

6º.- Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.

### **3º.- MOCIÓN DO BNG DA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA NA DEFENSA DA ATENCIÓN PRIMARIA**

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, dá lectura ao texto íntegro da moción. Indica que é unha proposta remitida pola plataforma SOS Sanidade Pública.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita,** indica que fai reserva de voto para o día do Pleno. Puntualiza que esta non é unha moción do BNG, e da plataforma SOS Sanidade Publica, plataforma politizada, segundo se observa nas súas manifestacións e as bandeiras que secundan esas mobilizacións. Sobre as citas presenciais indica no centro de saúde ao que pertence, situado no centro de Ourense, nin ela nin a súa familia teñen problemas para obter unha cita presencial, e tamén en pediatría. Chama e ten cita. Onte pediu cita para o seu fillo e obtivo a cita para hoxe. Gustaríalle saber onde están eses problemas, xa que non está a vivir eses problemas. Sobre os circuitos, indica que hai un circuito no seu centro de saúde. Engade que no seu centro de saúde ten feito cola, para pedir cita, pero nunca na rúa. Pódense colapsar nun momento puntual. Pensa que se está xeneralizando con algún problema que pode haber nalgún centro de saúde. Considera que estar oito minutos é razoable. Gustaríalle saber onde se producen eses problemas. Por iso fai unha reserva de voto. Espera que Bernardo lle facilite máis información e no Pleno ter unha opinión moito máis subxectiva.

**D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito,** fai unha reserva de voto, xa que tivo un problema técnico e non puido descargar o contido do texto da moción. Sobre a realidade e a situación non pode opinar porque non tivo necesidade de utilizar este servizo. Informarase sobre a situación e terá un criterio formado para o pleno. Fai reserva de voto.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana,** fai reserva de voto para o Pleno.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** indica que a nivel global está a favor desta moción que presenta o BNG. No Pleno de setembro xa tratamos este tema da sanidade pública e a atención primaria que é a porta de entrada ao sistema sanitario público. Engade que coñecen esa realidade, xa as citas se atenden por teléfono, non de forma presencial e indica que as asistenciais médicas débense facer de forma presencial na consulta do médico/a. Están a favor e engade que debemos loitar por esa sanidade pública. Deben evitarse esas longas esperas de máis de cinco ou seis meses para certas intervencións cirúrxicas de tratamentos e situacións de gravidade. Temos que loitar para que esas listas diminúan. Debemos loitar para dotar ao sistema público de máis medios e persoal e evitar as longas listas de espera. Están a favor da moción.

**A presidenta da comisión** fai reserva de voto para o Pleno, para analizar con profundidade o que se expón na moción.

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** sinala que o texto da moción llo fixo chegar unha plataforma. Na última gran manifestación en Santiago había máis bandeiras de diversas cores

políticas. Indica que no centro médico do que el depende, dan cita presencial para dentro de catorce días. Sinala un dato de onte da súa parella, solicitouse unha cita telefónica e non hai oco para unha analítica ata o mes que ven. Destaca que estamos a falar dunha situación tristemente real. Engade que tamén é certo que solicitou unha cita pediátrica para a súa filla e lla deron o mesmo día. Son situacións nada desexables. Unha comisión de expertos que conformou a Xunta de Galicia, nas súas conclusións facían fincapé na atención primaria, rápida e eficiente, que deriva nunha menor atención posterior de especialidades cun custo maior social e económico.

**D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita,** sinala que ela entrou agora mesmo co seu móbil na súa plataforma para pedir cita no médico, e dálle cita para a súa médica de atención primaria presencial para o luns. Hai moitas cousas que mellorar na sanidade pública galega e que xestionar mellor. Pero non hai porque mentir, xa que hai citas presenciais. Pode ser un problema puntual no Concello de Allariz. Está de acordo que non debe haber longas esperas para especialista e probas importantes. Considera que hai unha falla de especialistas no noso país por culpa do Ministerio de Educación, xa o temos falado moitas veces. Pero na actualidade pódese asistir de forma presencial ao médico e non hai porque mentir. Pode ser unha cuestión puntual, dun centro de saúde. Se absterá ata o día do Pleno.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** sinala que ela non dixo que non hai posibilidade de cita presencial, dixo que se deben recuperar todas as citas presenciais, xa que moitas se fan telefonicamente e débese recuperar o cen por cen da presencialidade. Por exemplo sinala que nos Peares estiveron unha semana sen médico substituto. Nalgúns centros de saúde pódese obter a cita médica no mesmo día ou ao día seguinte, pero iso non ocorre en todos os centros de saúde, e temos que loitar para que iso ocorra en todos os centros de saúde, no cen por cen.

**A presidenta da comisión,** indica que no centro de saúde de Allariz é un problema que xa ocorría antes da pandemia con algún facultativo, e hai cuestións puntuais, pero non ten problema para acceder as citas presenciais, está de acordo con Montserrat Lama en que temos que ser estritos na información e rigorosos e non podemos extrapolar cuestións puntuais a todas e todos os médicos da comunidade autónoma. Reserva o dereito de voto.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e da/do deputada/o non adscritos (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Dirixirse e instar á Consellaría de Sanidade, a implantación de forma inmediata nos centros de saúde dun protocolo anticovid-19 que estableza circuitos seguros de mobilidade no seu interior, salas de espera adaptadas para cumprir coas actuais normas sanitarias, onde tanto profesionais como usuarios nos sintamos seguros.

2º.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade a implantar de inmediato as consultas presenciais para todas as persoas que o demanden. Limitar as consultas telefónicas ou telemáticas a unha actividade asistencial complementaria (receitas, baixas, resultados, etcétera) que non discrimine ás persoas maiores con dificultades para dispoñer e manexar as novas tecnoloxías.

3º.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade a adopción das medidas organizativas precisas para que @s usuari@s, poidan acceder ao centro, rematando coa deplorable situación das colas na rúa.

4º.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a contratar e acabar coa precariedade laboral do persoal, aplicando un “Plan de Mellora da Atención Primaria” que redimensione os equipos multidisciplinares para dar cobertura ás necesidades de saúde da poboación.

5º.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a incrementar, de maneira urxente, o orzamento sanitario destinado a atención primaria, o obxectivo sería alcanzar o 25% do orzamento, estes orzamentos deben ser **finalistas** para que non terminen noutras partidas.

6º.- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade, a desenvolver os instrumentos de participación cidadán na sanidade, tan necesarios, para que a cidadanía exprese as súas necesidades e poder actuar con eficiencia sobre os factores determinantes da saúde.

**4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista**, fai un rogo sobre o ocorrido hai uns días na pasada carreira do San Martiño, xa que por parte dun representante público, o Sr. alcalde de Ourense, se utilizou a confrontación de xénero. Sinala que hai un vídeo *bochornoso* para a

cidade de Ourense e tamén para a provincia de Ourense, onde se utilizou unha confrontación de xénero para implantar parte das súas inquiredanzas, por dicir algo suave. Solicita desta comisión de Igualdade, non deixar pasar esta actitude, e pide unha condena pública pola actitude do Sr. alcalde que tivo neste recorrido.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** pregunta polo programa de actividades que ten previsto a Deputación sobre o 25 N. Pregunta tamén , xa que na páxina web da Deputación, na área de igualdade, non figura ningún curso formativo dende 2018, se é que non se realizaron ou non está actualizada a páxina web.

**A presidenta da comisión,** respecto ao rogo realizado por D. Álvaro Vila, toma nota do dito rogo. Engade que calquera expresión ou conducta dese tipo parécelles reprobable. Sobre os cursos que figuran na páxina web, indica que houbo cursos, pero non está actualizada a dita páxina, non figura a relación de cursos realizados pero poden facerlla chegar por escrito. Respecto aos actos do 25N, sinala que o sábado día 20, ás 12 da mañá, porque o día 25 está saturado por outros actos, será inaugurado o parque da Igualdade en Cachamuiña, promovido por esta institución. Iso será o acto central do día internacional para a eliminación da violencia de xénero, invita a todos a asistir a ese acto de inauguración dese parque. Ten como eixo central un monumento in memoriam das vítimas de violencia de xénero. Como acto está todo centrado nese parque,

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** indica que lle parece triste que o acto do ano pasado de conmemoración do 25N fora a presentación dese xardín unicamente, e un ano despois o acto que se vai celebrar este 25N, sexa a inauguración dese xardín, sen que existan actividades a maiores para que participen mulleres, ou foros de debate neste día tan importante.

**A presidenta da comisión** indica que o ano pasado, por estas datas, presentouse o parque en 3D. Engade que cando un utiliza adxectivos, como “triste”, algo tan importante como o que se inaugura o sábado en Cachamuiña o considera “desafortunado”. Considera que se é triste ter que facer un monumento in memoriam de todas as mulleres que morreron por loitar contra a lacra machista, porque elas se enfrontaron á violencia machista e morreron. Pero iso é o único triste dese acto. Faleceron 1.118 mulleres segundo os datos do Ministerio ata onte. A Deputación de Ourense ten dous obxectivos con este parque, un é visibilizar unha realidade e espera que todos esteamos o sábado unidos e xuntos por un fin loable e común pola dor de todas as mulleres que nos abandonaron e polas súas familias que tamén o sufriron. A partir de

agora a Deputación de Ourense porá a disposición da sociedade un espazo físico permanente cunha temática pensada para traballar contra a violencia de xénero. O eixo central dese parque é un monumento na memoria das vítimas que por desgraza faleceron. Pódese traballar cos colexios e facer outros actos que axuden a visibilizar a violencia de xénero. A experiencia nos últimos 18 anos nos que se empezaron a recoller datos, e todos os esforzos que se levan facendo, non é suficiente e non chegamos ao eixo e o foco que é a educación, o respecto e a igualdade. O que non se ve se esquece e se descoñece. Non hai outro parque igual no noso país e tampouco coñecemos se o hai noutros países. A recompilación dos nomes foi un traballo arduo e difícil, e creo que somos a primeira administración que o fai. Sinte que non sexa do seu agrado e non sexa suficiente. Defende que os foros están ben, aprendemos moito pero, para ela, teñen un problema, e que se queda nas persoas que asisten. Espera que o parque obteña un bo resultado. É un lugar de libre acceso, e estanse recibindo moitas consultas de colexios que xa o queren visitar. Dentro das nosas posibilidades, podemos facer outras cousas, foros, galas, pero escolleuse pola sensibilización e pola visibilización e esperan non equivocarse.

**D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** sinala que ela non dixo que non lle gustara a idea, nin que estaba en contra da idea, senón que dixo que era “triste” ter solo esta actividade e non ter un programa máis amplo, pero non é triste a actividade ou a idea. As homenaxes están ben, pero as mulleres que sufriron violencia din que non lle axuda demasiado. Debemos traballar entre todos, para que esas persoas fagan a súa vida e poidan saír adiante cos seus fillos.

E, ás 17.52. horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.